

ANEXO 2

COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN (ENTIDADE)

D./Dna. _____, con documento de
identidade _____, co cargo de _____ dentro
da _____ (en diante, **ENTIDADE**) e en
representación da mesma, como parte do proceso de adhesión á rede Xatemprego e
para o uso da aplicación web para a xestión de actividades

COMPROMETO

PRIMEIRO.- A usar de xeito dilixente e profesional a **APLICACIÓN** en relación aos
servizos de promoción do emprego, o autoemprego e o desenvolvemento local que se
detallan na solicitude de adhesión á rede.

SEGUNDO.- Restrinxir o acceso á información da Rede Xatemprego exclusivamente a
aquele persoal da entidade que forme parte da Rede en cada momento ou que, por
motivos de xestión, deba realizar a explotación da información relativa ao desempeño
do persoal propio da **ENTIDADE**.

TERCEIRO.- A gardar e facer gardar estrita confidencialidade no relativo á información
á que poida ter acceso o persoal da **ENTIDADE** realizando actividades relacionadas
coa **APLICACIÓN**, co obxecto de prestar servizos relativos ao emprego, autoemprego
e desenvolvemento local.

En particular, a observar os deberes de confidencialidade e segredo recollidos no
Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de
decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais
normativa concordante, respecto de calquera tipo de información que puidera coñecer
con motivo do desenvolvemento do meu traballo, e que empregarei cos fins exclusivos
de xestión para os que sexa autorizada/o. No caso de acceder a sistemas de
información da Xunta de Galicia fágome responsable dos accesos que se realicen a
ficheiros mediante o meu contrasinal persoal. Estas obrigacións subsistirán aínda
despois de finalizada a relación entre as partes.

CUARTO.- O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á esixencia de
responsabilidades administrativas ou de calquera outra natureza.

En _____, a _____,

Asdo.:

Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

Consellería de Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia

San Lázaro s/n